



CURSO 2017/18 **INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA**

O equipo directivo xunto co departamento de orientación ofrecerán a información precisa co fin de facilitar o proceso de matrícula. Unha vez formalizada a solicitude de matrícula, non se permitirán modificacións. Rematada a configuración dos grupos, non se permitirán cambios de materias nin de grupo, agás aqueles propostos polo departamento de orientación, sempre e cando a organización do centro o permita.

PRAZOS PARA A FORMALIZACIÓN

Matrícula ordinaria: do 25 de xuño ao 10 de xullo de 2017.

Co obxecto de mellorar a atención do alumnado e familias, organízanse **datas de matrícula preferente no seguinte horario:**

CURSO	DÍA	HORARIO
1º ESO	28 de xuño	9:30 a 13:30 horas
2º ESO	29 de xuño	9:30 a 13:30 horas
3º ESO	30 de xuño	9:30 a 13:30 horas
4º ESO	3 de xullo	9:30 a 13:30 horas
1º BACH	4 de xullo	9:30 a 13:30 horas
2º BACH	5 de xullo	9:30 a 13:30 horas

NON SE ADMITIRÁ DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR COMÚN A TODO O ALUMNADO

Xunto coas solicitudes de matrícula (debidamente cubertos e asinados por algún dos proxenitores ou o propio estudante, no caso de maioría de idade) deberase aportar a seguinte documentación:

A. ALUMNADO DE NOVO INGRESO:

- 2 fotos tipo carné co nome a apelidos no reverso.
- Fotocopia do DNI, NIE, ...
- Fotocopia de todas as páxinas do libro de familia onde figuren anotacións.
- No caso de non coincidir a situación familiar coa reflectida no libro de familia aportárase documentación acreditativa das modificacións (sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador, ...). No caso de separación ou divorcio o proxenitor custodio informará á dirección do centro de cuestións relevantes como: a privación da patria potestade do proxenitor non custodio, prohibición de comunicación co/a fillo/a, limitacións na recollida no centro escolar, ..
- Certificación académica expedida polo centro de procedencia, co fin de xustificar a promoción a Secundaria (1º ESO) ou ter superado o nivel anterior ao que se matricula.
- Para 3º, 4º de ESO e BACHARELATO: Modelo TA1-G (Solicitude de Asignación de Número de Seguridade Social (NUSS)), *debidamente cuberto e asinado polo alumno/a. Para a tramitación do modelo resulta imprescindible achegar unha fotocopia do DNI en vigor.*
- Fotocopia da tarxeta sanitaria**

B. ALUMNADO DO CENTRO:

- 1 foto tipo carné co nome a apelidos no reverso.
- Fotocopia do DNI, NIE, .. (se non se presentou en cursos anteriores).
- No caso de cambios na situación familiar, documentación relacionada no apartado A.4.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA **SEGURO ESCOLAR¹**

¹ No caso de que as familias non dispoñan de conta en ABANCA, é posible aboar o seguro escolar por transferencia desde o banco propio ou no caixeiro automático de ABANCA. En todo caso, o xustificante do pago presentarase co resto da documentación necesaria para formalizar a matrícula.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES ISAAC DÍAZ PARDO

C/ La Laguna, 19
15160 SADA (A CORUÑA)
Teléfono/Fax: 881880942/881880946
ies.isaac.diaz.pardo@edu.xunta.es



<http://www.edu.xunta.es/centros/iesisaacdiazpardo>

O alumnado que se matricule en 3º, 4º da ESO ou BACHARELATO deberá aboar na conta número ES 08 2080 0035 16 3040010955 da Sucursal ABANCA (Sada), a cantidade de 1,12 € en concepto de SEGURO ESCOLAR, indicando o nome e apelidos do/a alumno/a que fai o ingreso. O xustificante de pago deberá presentarse co resto da documentación, no momento de formalizar a matrícula.

Os centros sanitarios para os beneficiarios do Seguro Escolar son: Hospital San Rafael, Hospital Quirónsalud A Coruña. Máis información na páxina web: www.seg-social.es
→ Trabaxadores → Prestacións/pensións de trabaxadores → Prestacións del Seguro escolar.

USUARIOS DE TRANSPORTE ESCOLAR²

A. USUARIO LEXÍTIMO

Alumnado da ESO cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km. Para manter a condición de usuario lexítimo é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar (uso repetido en días fixos da totalidade das semanas do curso).

B. AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS

O alumnado que non teña dereito ao uso de transporte escolar poderá **solicitalo con carácter excepcional (MODELO NORMALIZADO)**, sempre que existan prazas vacantes e para uso de paradas xa existentes, sen modificación do itinerario.

AUTORIZACIÓN PARA A SAÍDA DO ALUMNADO AO REMATE DO HORARIO LECTIVO E RECOLLIDA NAS PARADAS ESTABLECIDAS DE TRANSPORTE ESCOLAR

Cumprimentación de **autorización expresa por parte dos responsables do alumnado** de ESO e Bacharelato, **para a saída do alumnado só e/ou baixada só nas paradas de transporte escolar.**

EXENCIÓN LINGUA GALEGA

No caso de proceder doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, o/a alumno/a poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega. Comunicar na secretaría do centro, co fin de ser informados pola dirección do centro.

ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA

Dependendo do nivel de estudos, poden solicitar a validación de determinadas materias. Comunicar na secretaría do centro, co fin de ser informados pola dirección do centro.

PARA ALUMNADO DE BACHARELATO

1. Deberá presentar a autorización correspondente (incluída no sobre de matrícula) para non permanecer no centro nos períodos de lecer ou no primeiro e último período lectivo no caso de ausencia do/a profesor/a correspondente.
2. Solicitar información á dirección do centro, no caso de: cambio de modalidade, repetición 2º curso, ...

IMPORTANTE. Calquera **cambio nos datos da matrícula, que suceda ao longo do curso (situación familiar, enderezo, teléfonos...), deberá ser comunicado á secretaría do centro á maior brevidade.**

² **Agás cambios de domicilio debidamente acreditados, a asignación da parada para cada alumno/a manterase para todo o curso 2017/18.**